

O Concello acada a cesión gratuíta de 13 hectáreas en Bastiagueiro valoradas en 12 millóns de euros

## A gran avenida entre Santa Cruz e Mera segue collendo forma

Páxinas 12 e 13



Concello de  Oleiros

O paseo que une Santa Ana e Canide está case listo

Páxina 4

# Vivir en Oleiros

Número 57  
Setembro 2017  
Toda a actualidade en:  
[www.oleiros.org](http://www.oleiros.org)

Oleiros conta con catro campos municipais de herba sintética



As obras nas Viñas avanza rápido

Páxina 5

Fomento retrasa a actuación en Sol y Mar

Páxina 8

## Inaugurado o novo campo de fútbol municipal de Iñás

■ O Concello de Oleiros investiu preto de 800.000 euros na construción dun novo campo de fútbol en Iñás. Este recinto, dotado dos mellores equipamentos para a práctica do fútbol, é o cuarto campo de herba artificial que constrúe o Concello de Oleiros para que todos os clubs do municipio poidan adestrar e xogar as súas competicións nas mellores condicións posibles. Inicialmente, Iñás, Atlético San Pedro e Xuventude de Dorneda empregarán esta instalación.

Páxina 4

Rubén Río proclámase campión do mundo de balonmán

Páxina 16

## A Finca Tenreiro continuará o seu acondicionamento cun novo obradoiro de Emprego

No mes de outubro o alumnado dun Obradoiro de Emprego continuará cos traballos de rehabilitación do edificio principal existente na Finca Tenreiro. O Goberno municipal logrou para a realización deste proxecto unha subvención da Xunta de Galicia de 140.000 euros. Un total de 20 persoas en situación de desemprego participarán nestas obras durante un período de seis meses, no que ademais de formarse, percibirán un salario.

Páxina 14

Como saber onde está todo en **Oleiros**

**AXENDA**  
Páxina 23



Alternativa dos Veciños

## Unha costa libre, transitábel e aberta a todos os veciños

Coa próxima inauguración do paseo marítimo entre o miradoiro de Santa Ana e Canide, que igual que toda a nosa costa é unha zona dunha fermosura única, seguimos avanzando na liberación e apertura da primeira liña de costa a todos os veciños e veciñas. Agora mesmo, agás un pequeno tramo en Dorneda, é posible camiñar pegado ao mar desde o fondo da ría da Pasaxe ata Lorbé, polos máis de 26 km de paseos, sendas e praias que desde os Gobernos de Alternativa dos Veciños fomos creando e liberando, impedindo tamén os proxectos que algúns tiñan entre mans

para destruír o noso municipio e encher os seus petos. Ademais de poder gozar da beleza inigualable da nosa costa, os paseos melloran considerablemente a nosa calidade de vida. É o caso dos veciños de Beiramar e Agramar, que poden escapar da polución, dos ruidos, das molestias e das inseguridades da N-VI para desprazarse a Santa Cristina desde onde poden enlazar coa avenida Ernesto Che Guevara, ata o parque das Galeras, que conecta co porto de Santa Cruz e a praia de Naval, en Dorneda. Desde Breixo, e transitando polo novo paseo que se inicia en Canide e vai ata Espiñeiro, pódese che-

gar ata o gran pulmón verde da comarca, o Monumento Natural que une Canabal e Lorbé, pasando por Dexo. Nestes momentos, seguimos a traballar na apertura de novos espazos e tras realizar a correspondente expropiación de terreos, estamos a ordenar e acondicionar os 69.400 metros cadrados que existen entre o actual parque das Galeras e a praia de Bastiaqueiro para poder gozar nos vindeiros meses dun gran parque na primeira liña marítima que irá desde Santa Cruz ata Bastiaqueiro. Tamén imos proceder a limpar o gran parque natural que existe entre Canide e a praia das Margaridas, de máis

de 61.000 metros cadrados, dunha riqueza ecolóxica e paisaxística moi elevada. Mentres o mundo está cada vez máis cheo de muros e vallas cos que pretenden dividirnos e enfrontarnos, Oleiros segue a ser un territorio libre, distinto e singular. En 27 km de costa, só existe un tramo de menos de 1 km que non é accesible, na parroquia de Dorneda, entre a praia das Margaridas e Naval. O traballo realizado por Alternativa dos Veciños permite que todos os cidadáns, e non só a uns poucos privilexiados, poidamos gozar do noso mar, das nosas paisaxes e, en definitiva, do noso concello.



Partido Popular de Oleiros / Grupo Municipal do PP no Concello de Oleiros

## Oportunidade perdida

Fai meses debatimos en Oleiros sobre os terreos que nos pode ceder a Diputación en Bastiaqueiro, xa fai anos falamos das tolemias que o Alcalde quería levar a cabo neles e afortunadamente parouse.

O que nos preocupa é que o alcalde queira facer un Mausoleo. Non cremos que facer un auditorio de máis de 10 millóns de euros e poñerlle nome de guerrilleiro, quizáis Maduro, sexa

o que máis necesitamos os veciños de Oleiros. A día de hoxe hai infraestruturas suficientes, que escasamente se enchen un par de veces ao ano, o resto de ano están practicamente baleiros.

Nós apostamos por aproveitar os recursos que temos e potenciar o noso concello a nivel galego e por que non, a nivel nacional. Deberíamos de apostar polo DEPORTE, por converternos nunha referencia a nivel nacio-

nal. Temos unha facultade de Educación Física, a única de Galicia e das poucas de España, e vivimos de costas a ela. Temos no noso concello grandes deportistas aos que non mimamos nin axudamos.

Nós apostamos por crear unha gran infraestrutura deportiva, coordinada coa Facultade, cos clubs e deportistas que temos, con pabillóns para que poidan adestrar e competir todos os

patinadores, con ximnasia profesional e centros de alto rendemento para os nosos deportistas. Temos recursos, Universidade, deportistas, contorna natural, oportunidades e sobre todo a inexistencia de nada parecido.

Deberíamos pensar moi ben o que queremos facer e non equivocarnos, oportunidades como esta non as hai todos os días.



Grupo Municipal Socialista / Grupo Municipal PSdeG - PSOE no Concello de Oleiros

## Pazo de Meirás, Fundación Francisco Franco: unha afrenta a tódolos demócratas

O asunto do Pazo de Meirás pasou de ser unha auténtica vergoña en forma de rancia reminiscencia dun escuro pasado, a ser directamente unha afrenta, un insulto e unha humillación a tódolos galegos de ben. Ano tras ano levamos tolerando que no lugar que deba ser recordado como o fogar dunha das nosas escritoras máis notables, campe ás súas

anchas a familia do ditador Franco, de infame lembranza para os demócratas, á que se lle permite absolutamente o que lles peta.

Así, nestes días pasados soubemos que será a Fundación F. Franco a encargada de xestionar visitas ó Pazo, dotando ás mesmas dunha evidente carga ideolóxica, e contraria á Lei.

Todos sabemos cómo se fixeron os Franco co Pazo, a través de "doazóns" forzadas baixo ameazas veladas, obrigando ós veciños a aportar dos seus cartos para os caprichos do ditador.

É, a todas luces, inmoral e obsceno que unha persoa, facendo abuso do seu poder, organice unha colecta para que sexa o pobo o que lle

pague, xa sexa os seus caprichos, as súas multas ou as indemnizacións que lles son impostas.

Por iso, esiximos que desde xa se tomen as medidas que sexan necesarias para que estes sexan os últimos meses dos Franco en posesión do Pazo. É unha cuestión de dignidade do pobo, que debe ser protexida polas institucións.



Bloque Nacionalista Galego / Voceiro do Grupo Municipal do BNG no Concello de Oleiros

## O exemplo de Tomás vive en nós

O BNG vén organizando ano tras ano, con este van 21, un acto na Praza da Liberdade de Nós para honrar a memoria das persoas que padeceron a represión do franquismo en Oleiros.

O ano pasado, grazas á xenerosa colaboración da familia, puidemos recuperar a figura e honrar a memoria de Tomás Arévalo Pardo, alcalde democrático de Oleiros durante a

maior parte da 2ª República: o primeiro veciño que, desde unha orixe obreira (ferreiro de profesión), chegou a ser alcalde.

Dúas das grandes preocupacións de Tomás foron a educación (Oleiros pasou de ter 4 a 31 escolas no seu mandato) e a situación das persoas que non tiñan traballo (arredor de 1.000 persoas en 1931 sobre unha poboación que non chegaba ás 10.000).

Tamén douo o terreo onde hoxe se sitúa a Casa do Concello e unha parte do da Casa do Pobo de Dorneda.

Tomás Arévalo foi privado da alcaldía logo de triunfar o golpe de estado fascista. A pesar de ter muller e 6 fillos, para salvar a vida tomou a difícil decisión de refuxiarse na Arxentina, facéndose pasar por emigrante. Malia que en 2004 se lle dedicou unha rúa

na Urbanización As Pardelas de Oleiros e que o goberno municipal quixo sumarse á homenaxe do ano pasado, cremos necesario dignificar o exemplo de Tomás e da corporación que presidiu mediante un máis completo recoñecemento institucional e unha axeitada divulgación da súa figura. Un acto simbólico ben podería ser incorporar o seu retrato ao salón de plenos da Casa Charry.



# EDITORIAL • Querer é poder

◆ É moito o que se fala e escribe respecto ao Pazo de Meirás. Como se sabe, foi adquirido e pagado coas forzosas aportacións dos veciños dos concellos da provincia -o que non aportaba convertíase en sospeitoso de ser roxo- e cos salarios dos funcionarios da administración pública, aos que se lles sustraía unha parte da súa paga para efectuar a compra.

Un dos principais promotores da iniciativa foi Pedro Barrié, que para levar adiante a campaña contou coa colaboración do Gobernador Civil, da Deputación provincial e dos respectivos xefes locais da Falanxe nos distintos municipios. O principal artífice do “regalo” do pazo a Franco tamén financiou ao bando nacional desde o inicio da Guerra Civil.

A empatía de Pedro Barrié coa familia Franco redundou en grandes beneficios e pre vendas. Acaparou a case totalidade das empresas e monopolios de servizos públicos: minería, encoros, portos navais, petróleos, banca,... e foi nomeado presidente de todo aquilo que producía ingresos millonarios -as compañías estaban subvencionadas polo Estado nun 100%-. Ademais, no 1955 recibiu o título de Conde de Fenosa e no 1958 tocoulle o gordo da lotería nacional, un premio íntegro de 180 millóns das antigas pesetas.

As Torres de Meirás están declaradas polo Estado como ben de interese cultural (BIC), figura regulada pola Lei do Patrimonio Histórico Español. Ademais de ser a residencia da condessa de Pardo Bazán tivo outros propietarios, como o mariscal Pardo de Cela, de triste lembranza para o pobo galego durante as Guerras Irmandiñas.

Sobran motivos para que o Pazo de Meirás pase a ser propiedade do Estado. Para logralo hai que deixarse de batallíñas estériles que non serven máis que para aparecer na foto e, ás veces, mancillar a memoria histórica. Os deputados no parlamento da nación, dun e doutro signo político, teñen a obriga de incluír no orzamento do estado a financiación necesaria para a expropiación. Existe un fondo nacional, do 1% da contratación das obras públicas, que é de obrigado investimento en obras e bens de interese cultural.

O cálculo do custo do Pazo é moi sinxelo. Dado que os terreos son rústicos, a súa valoración non excede de 7 euros o metro cadrado, e a maiores hai que engadirlle o custo do edificio principal e dos anexos... E senón que pregunten no Concello de Oleiros como se actuou co Castelo de Santa Cruz, que tamén fora antiga propiedade da Pardo Bazán e estaba en posesión do Ministerio de Defensa. Querer é poder.





# Conclúe a construción do novo campo de fútbol de Iñás

■ *Investíronse máis de 780.000 euros na creación do recinto e dos seus accesos*



◆ O Concello de Oleiros procedeu a inaugurar o novo campo de fútbol de Iñás o pasado 26 de agosto. As obras realizadas tiveron un custo total de 788.247 euros, que asumiu o Concello de Oleiros. A instalación de céspede artificial e dunhas novas torres de iluminación ascendeu a 455.376 euros; a construción de novos vestiarios, dun peche e dun acceso pavimentado custou 199.623 euros; e na grada cuberta investíronse 133.244 euros. Grazas ás xestións realizadas polo Goberno municipal, a Deputación provincial aportou 208.264 euros, o que supón o 26 % do total investido neste campo.

## O paseo marítimo entre Santa Ana e Canide xa está rematado ▼



◆ Nos vindeiros días abrírase o novo tramo de paseo marítimo que transcorre entre o miradoiro de Santa Ana e a zona de Portelo, en Canide. Esta senda permite unir as parroquias de Serantes e Maianca con Dorneda a través do paseo que se inicia na praia de Espiñeiro e que remata no parque natural que se atopa pegado á costa, entre Breixo e Canide.



# As obras de urbanización nas Viñas avanzan moi rápido ▼



◆ Por fin, e tras numerosos retrasos, as obras de urbanización da Corredoira das Viñas, na localidade de Perillo, atópanse nun estado moi avanzado. O Goberno municipal levou adiante con éxito un longo proceso de xestión do plan parcial para urbanizar unha das poucas zonas que quedaban sen facelo en Perillo, buscou solución a parte dos veciños que carecían de recursos económicos para abordar os custos de urbanizar o seus terreos e solventou varios pleitos que freaban as obras e que se decidiron a favor do Concello de Oleiros debido á rigorosidade e ao respecto da lexislación vixente baixo a que sempre actúa o Goberno municipal.

Con esta obra abriranse dous novos viais -confluirán na rúa das Viñas, rúa do Pombal e rúa Dona Emilia- que se denominarán Os Satélites e Pucho Boedo. Co nome da famosa orquestra galega pretende homenaxearse ao seu fundador, Manuel Otero Mariñas, que naceu nas inmediacións da rúa do Pombal. Pola súa parte, Pucho Boedo foi un dos mellores cantantes galegos do século vinte, dos primeiros que usou a nosa lingua desde os escenarios e acadou un grande éxito tanto en Galicia como no exterior.

Esta actuación está baseada nun urbanismo sostible e contará con grandes espazos de uso público. Poderanse construír 25 vivendas unifamiliares e 5 edificios de pisos, con 18 vivendas protexidas.



## Contratada a reforma do Pazo de Arenaza ►

◆ O alcalde asinou o convenio de cesión do Pazo de Arenaza á Deputación para a creación dun espazo de coworking destinado a persoas emprendedoras. A Deputación tamén entregou 250.000 euros ao Concello de Oleiros que se destinarán ás obras de acondicionamento deste edificio histórico, que seguirá formando parte do patrimonio municipal.



## O baixo da praza da Lagoa xa é propiedade municipal ▼

◆ O Concello de Oleiros adquiriu definitivamente o baixo situado na praza da Lagoa de Mera por 115.000 euros. O Goberno municipal abordará nas vindeiras semanas a reforma e adecuación deste local, de 220 metros cadrados, para o seu uso por parte da Asociación de Veciños de Maianca e do Centro Deportivo Mariñeiro.




# O Goberno municipal consegue a cesión gratuíta das 13 hectáreas que tiña a Deputación en Bastiagueiro


■ Os terreos están valorados en máis de 12 millóns de euros

◆ O pleno da Deputación da Coruña celebrado o pasado día 31 de xullo aprobou, a petición do Goberno municipal, a cesión ao Concello de Oleiros de 130.189 metros cadrados que comprenden todo o terreo situado na marxe dereita da avenida Ernesto Che Guevara, desde o río ata o estadio e os montes que o rodean. Nesta cesión, o Concello de Oleiros respectará o uso que a Universidade da Coruña ten sobre a instalación do INEF. As zonas destinadas a equipamentos deportivos, culturais e educativos serán ordenadas igual que as zonas verdes limítrofes ao parque natural dos veciños, que vai desde a igrexa de Liáns ata a praia de Bastiagueiro. A Deputación tiña valorados os terreos cedidos en 12,2 millóns de euros.

**TERREOS CEDIDOS: 130.189 m<sup>2</sup>**



**PLAN ESPECIAL A DESENVOLVER**





# A construción da nova rotonda de Santa Cruz comezará a finais deste ano ▶

◆ Nos vindeiros días iniciaránse os traballos de descontaminación do solo da antiga gasoleneira situada no centro de Santa Cruz, a última actuación previa á construción da futura rotonda e das novas zonas de estacionamento que se crearán neste novo espazo público. O alcalde e a conselleira de Infraestruturas asinaron hai varias semanas o convenio polo que o Concello recibirá 590.000 euros da Xunta de Galicia para a contratación das obras.

En base a ese convenio, a Xunta tamén procedeu ao asfaltado e pintado da avenida Ernesto Che Guevara. Esa estrada, pasou a ser de titularidade municipal desde Perillo ata as Viñas de Babilonia.



## O Concello contrata un conxunto de importantes obras por máis dun millón de euros ▼

◆ Nos vindeiros días rematarán os trámites de contratación de diversas obras de pavimentación e renovación das redes de auga e saneamento en diferentes localidades do municipio. No seu conxunto, as actuacións suman un total de 1.042.209,04 euros.

As rúas que se van pavimentar son a rúa Tierno Galván en Maianca, a rúa da Luz e a rúa Laxeiro en Nós, a rúa do Faro en Iñás, rúa da Cova en Oleiros, a rúa dos Niños e a avenida das Américas en Perillo, a rúa do Campo e a rúa Castro da Vixía en Dexo e a rúa do Currencho en Dorneda. O prezo de licitación destas obras é de 605.984,87 euros.

Ademais vaise contratar a renovación dos pozos de saneamento na rúa Benito Feijoo, a rede de abastecemento de auga no Polígono Iñás e na zona do Campamento e a ampliación da rede de abastecemento de auga entre o depósito de Sarro e a rúa Fontes. En total, estas obras saen a licitación por 436.224,17 euros.

## Vendidas outras tres parcelas municipais por 400.000 euros ▼

◆ O Concello de Oleiros vendeu desde o mes de maio un total de nove parcelas por 991.976,57 euros. As 12 parcelas que seguen dispoñibles poden adquirirse por venda directa. Todas aquelas persoas interesadas nalgunha delas deben dirixirse á secretaría do Concello, onde recibirán toda a información que precisen. Na web municipal, [www.oleiros.org](http://www.oleiros.org), tamén poden consultarse todos os detalles sobre os terreos.

Todas as parcelas atópanse en lugares privilexiados do municipio e contan con todos os servizos. A venda deste solo supón unha importante inxección económica para as arcas municipais e son o resultado da política urbanística desenvolvida ao longo dos anos polo Goberno municipal que, por lei, obriga aos propietarios das novas urbanizacións a entregar o 10% do construíble terreo ao Concello.

### PARCELAS MUNICIPAIS URBANAS Á VENDA

• Avenida Espoz y Mina 1, Iñás (537,5 m <sup>2</sup> )	113.269,31 euros
• Rúa Trovadores 3, Mera (488,32 m <sup>2</sup> )	97.035,35 euros
• Rúa Chile 7, Oleiros (294 m <sup>2</sup> )	71.932,13 euros
• Rúa Ecuador 26, Oleiros (313 m <sup>2</sup> )	76.580,48 euros
• Rúa Cubelos 10, Perillo (202,40 m <sup>2</sup> )	103.459,40 euros
• Rúa Palestina 34, Canide (162,90 m <sup>2</sup> )	39.012,24 euros
• Rúa Palestina 11, Canide (280,70 m <sup>2</sup> )	89.053,18 euros
• Rúa Palestina 13, Canide (308,40m <sup>2</sup> )	97.843,29 euros
• Rúa Palestina 15, Canide (318,40 m <sup>2</sup> )	101.015,22 euros
• Rúa Francisco Llorens 7, Oleiros (992,50 m <sup>2</sup> )	338.368,61 euros
• Rúa Fonte do Ouro, Polígono de Iñás (225 m <sup>2</sup> )	44.899,47 euros
• Rúa Fonte do Ouro, Polígono de Iñás (101 m <sup>2</sup> )	20.154,87 euros

# Coida ao teu can!

Ponlle a correa para pasear polas rúas, paseos, parques e zonas verdes ▶





# O Ministerio de Fomento volve retrasar as obras de Sol y Mar ▼

◆ Unha vez máis, o Ministerio de Fomento retrasa a adxudicación das obras da intersección de Sol y Mar, onde está previsto a creación de pasos a distinto nivel para os vehículos e poder rematar así cos atascos. Malia que os orzamentos do Estado contemplan para este 2017 unha partida de 2 millóns de euros para o inicio destas obras, que se prolongarían ata o 2019, o Ministerio argumenta que debe modificar o proxecto, que xa estaba redactado. Ademais, dáse a circunstancia de que o solo necesario para esta actuación foi entregado gratuitamente polo Concello de Oleiros hai varios meses, logo das xestións realizadas polo alcalde cos propietarios das parcelas.

O Ministerio de Fomento tampouco contratou os dous pasos elevados para peóns que se ían construír na N-VI na zona do Seixo, unha á altura da Mercedes e outro entre o camiño do Seixo e Mercadona. Ante esta situación, o Goberno municipal demandará unha reunión este mes cos representantes de Fomento. A partir de aí, e en función da situación que se dé, adoptaranse novas medidas para denunciar o abandono por parte do Goberno central das infraestruturas de acceso á cidade da Coruña ao seu paso por Oleiros.



## As entidades participarán na elaboración do orzamento municipal do 2018 ▼




◆ O orzamento municipal para o ano 2018 atópase xa en fase de redacción. O documento incluírá algunhas das propostas realizadas desde as entidades máis representativas de cada localidade, principalmente das asociacións de veciños.

As previsións económicas que tiña o Concello para o ano 2017 estanse a cumprir. Aínda así e malia contar cos recursos, a normativa imposta polo Goberno central que limita o teito de gasto dos concellos impedirá a contratación dalgúns das obras previstas e demandas polos veciños. Iso non supón que non vaian levarse a cabo xa que aquelas que finalmente non se poidan realizar antes de final de ano, priorizaranse no 2018. O alcalde dará unha explicación nunha asemblea, á que serán convocadas todas as entidades, e informará sobre cales son as obras que quedarían pendentes de realizar ata o próximo exercicio.

## Unha ordenanza velará pola conservación paisaxística do Monumento Natural ▼

◆ O Goberno municipal está a elaborar unha ordenanza municipal a través da cal o Concello de Oleiros poderá adquirir aquelas árbores de interese ecolóxico e paisaxístico que se atopan dentro da zona do Monumento Natural da costa de Dexo e Serantes. Desta maneira evítanse as talas de árbores e os propietarios dos montes veranse compensados economicamente por deixar de vender a madeira.

A normativa estipulará que a titularidade da finca seguirá sendo do seu propietario pero será obrigatorio manter as árbores adquiridas polo Concello. Esta ordenanza tamén poderá ser de aplicación noutras áreas verdes do municipio.





## Incrementéntase a construción e a compra e venda de solo

◆ Estase a producir un forte incremento da construción de vivendas así como de compra e venda de terreos en todo o municipio. Son moitas as solicitudes recibidas para facer novas casas unifamiliares -27 licenzas concedidas no 2017-, así como para a edificación de inmobles plurifamiliares encravados en urbanizacións xa construídas.

Na actualidade está prevista a construción de dous edificios de baixo e dúas plantas, con aproveitamento de baixo cuberta, na urbanización Meixonfrío. Un será de 48 vivendas e outro de 36. En Santa Cruz vaise edificar tamén nas inmediacións do parque Luis Seoane e en Perillo, na urbanización da Corredoira das Viñas, está previsto un edificio con 18 vivendas protexidas.

## Marcos Ana e Eduardo Galeano terán cadansúa rúa en Mera



◆ Marcos Ana e Eduardo Galeano terán as súas respectivas rúas na localidade de Mera, na nova urbanización que vai desenvolverse entre Pinar do Río e Lamalonga. O Goberno municipal decidiu outorgarlles aos novos viais o nome destes dous insignes escritores que amosaron ao longo da súa vida un compromiso total e unha loita inquebrantable para mellorar a sociedade.

Fernando Macarro Castillo, máis coñecido como Marcos Ana, foi un ilustre poeta e loitador antifranquista que estivo preso durante 23 anos da súa vida por defender a democracia durante o réxime fascista. Ana foi dos presos que máis tempo cumpriu de condena nos cárceres de Franco. Con tan só 18 anos foi detido e condenado a morte e no 1961 foi liberado grazas á presión internacional. No ano 2003 foi homenaxeado polo Concello de Oleiros nun acto multitudinario celebrado no centro cultural A Fábrica.

O polifacético escritor uruguaio Eduardo Galeano foi unha persoa tremendamente comprometida, que sufriu a represión e a persecución polos seus ideais políticos. Escritor de ensaio e narrativa, fundador de numerosos xornais e publicacións, cronista certo e valente retratou a sociedade contemporánea afondando nas súas lacras e nas súas pantasma. Tamén estivo na Fábrica, nunha charla coloquio que ofreceu sobre América Latina no 2006.

## O Concello denuncia a Gas Natural Fenosa ante Industria polos cortes de luz na Ferrala e O Bañil ▶

◆ Varios veciños de Santa Cruz, da Ferrala e O Bañil, veñen denunciando desde hai meses cortes no subministro de electricidade na súas vivendas, que se producen con frecuencia e que van desde minutos ata días completos. Malia as continuas reclamacións e demandas realizadas a Gas Natural Fenosa, a compañía segue a facer caso omiso deste problema. Ante esta situación, e por petición das persoas afectadas, o Concello de Oleiros denunciará ante a delegación de Industria esta estafa de Gas Natural Fenosa, que está a cobrar por un servizo público que non presta.





## Máis de 10.700 persoas visitaron a Aula do Mar durante o 2017 ▼

◆ A Aula do Mar de Mera, situada na antiga casa do fareiro e convertida en centro de interpretación medioambiental e punto de información turística, recibiu no que vai de ano a 10.732 persoas. Ademais dos numerosos atractivos cos que conta a instalación, son moitas as persoas que están a participar nas visitas guiadas que se realizan polo Monumento Natural da costa de Dexo e Serantes e que se prolongarán ata finais de setembro.

Pola súa parte, desde a Oficina de Turismo de Santa Cristina atendeuse a máis de 2.000 turistas. Segundo os rexistros, os visitantes proceden de diversos puntos de España e de países estranxeiros.



## O horario de finalización das verbenas non superará as 3 da madrugada ▼



◆ O Concello de Oleiros non autorizará verbenas que rematen máis tarde das 3 da madrugada. O Goberno municipal adoptou esta decisión para evitar incidentes e actos vandálicos e permitir que veciños e veciñas de todas as idades poidan gozar do baile e da festa nas súas localidades.

As verbenas estaban a comezar ás 12 da noite e non remataban ata as 5 ou as 6 da madrugada. Con esta nova regulación, os músicos comezarán a tocar antes para que maiores e pequenos poidan divertirse, e rematarán ás 3 da madrugada para reducir así tamén posibles problemas derivados do consumo de drogas e alcol.

◆ Así loce a parede deste edificio da rúa Golpa, en Perillo, despois de que o artista mexicano Spaik plasmara unha colorida obra inspirada no folclore latinoamericano. O pintor, de xira por Europa, realizou traballos similares en moitos outros países do mundo.

Neste caso, Spaik non cobrou nada por realizar esta obra de arte. O Concello de Oleiros proporcionoulle a pintura e colocou os andamios. Ademais contou coa colaboración dun grupo de mozas e mozos que participaron nesta tarefa artística.

Con este tipo de obras de arte, o Goberno municipal pretende embelecer as paredes daqueles edificios máis grandes do municipio, para mellorar o impacto visual que provocan e evitar posibles ataques vandálicos en forma de pintadas que non teñen nada de artísticas.





# Oleiros acollerá un acto solidario cos pescadores de Gaza ▼

◆ No mes de outubro celebrarase un acto no municipio no que participarán diversos artistas galegos para denunciar a situación dos pescadores de Gaza, asediados polo exército de Israel, que está a atacar a todos os barcos que se afastan máis de seis millas náuticas da liña de costa. Os mariñeiros sospeitosos de superar eses límites corren o risco de recibir disparos dos militares, de ser detidos e de que as súas embarcacións queden confiscadas.

O acto forma parte da campaña internacional Solidariedade coa Flota Pesqueira de Gaza e procura promover a solidariedade con Palestina e unir esforzos entre a xente do mar de todo o mundo. Pallasos en Rebelión, en colaboración co Concello de Oleiros e as organizacións Rumbo a Gaza, BDS-Galiza e Culturactiva, organiza este evento que contará con actuacións musicais, desfiles e actividades para todas as idades.



## O Concello impulsa un proxecto de cooperación con Mozambique desde o Fondo Galego ▼



◆ O Concello de Oleiros, a través da súa participación no Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade, levará a cabo un proxecto en Mozambique para garantir o acceso á auga potable da poboación de Mutarara Vella, de máis de 3.000 habitantes e que ten no río Zambeze a súa única fonte de abastecemento. O proxecto contempla un investimento de 25.000 euros que serán destinados á construción de catro pozos.

Debido á escaseza de auga e á necesidade de conseguila nos ríos, rexistráronse numerosos falecementos por ataques de crocodilos e hipopótamos. Igualmente, a taxa de mortalidade infantil na zona é moi elevada debido ao consumo de auga non apta.

Mutarara Vella, onde pretende implantarse o proxecto, é un barrio asimétrico. Conta cos índices de pobreza máis elevados de Mozambique, non posúe enerxía eléctrica e a base da sustentabilidade da poboación é a agricultura de subsistencia familiar e a pesca.

## A praia de Santa Cristina encherase de tambores para visualizar os problemas das persoas con TDAH ▼

**Lúa chea de TAMBORES**

**Sábado 30 de setembro ás 20 h, na Praia Santa Cristina**  
na zona da Ria, no espazo de praia que se atopa diante do parque (entre a Fábrica e o hotel Sta. Cristina)

**Dirixida a familias, nenos, maiores...**  
*¿Qué hai que lavar?*  
Instrumento de percusión: tambor, bongos, maracas, pandero, pandeiro, Caixa, bombo... ou algo similar de fabricación caseira (bota de pintura, caixa de metal...)

Merenda e coa de cada quen e algo para compartir

Organiza: **INGADA** Fundación Ingada  
Colabora: **RETUMBATUKE**  
Aine Lineros Rivera (Percusionista)  
Concello de Oleiros  
www.oleiros.org

◆ A Fundación Ingada, en colaboración co Concello de Oleiros, Retumbatuke e Aine Lineros, realizará unha lúa chea de tambores aberta á todas as persoas que queiran facer sonar instrumentos de percusión ou calquera outro elemento de fabricación caseira. Será o sábado 30 de setembro, ás 20 horas, na praia de Santa Cristina, na zona da ría.

Ingada é unha fundación que pretende prestar axuda ás persoas afectadas polo TDAH, ou calquera outro trastorno relacionado, e ás súas familias. O TDAH, trastorno por déficit de atención e hiperactividade, é unha das causas máis importantes e frecuentes de fracaso escolar e o motivo de consulta máis habitual nas unidades de saúde mental e de neuroloxía infantil e xuvenil.



## Grazas a todos os que facedes posible esta obra coas vosas cesións de solo gratuítas



■ O Goberno municipal agradece a boa disposición de todos os veciños colindantes coas avenidas existentes entre Santa Cruz e Mera nas que o Concello de Oleiros está a construír beirarrúas e carril bici. Sen a colaboración dos propietarios sería imposible facer unha obra destas características que redunda na seguridade dos peóns e dos usuarios destes viais. Ademais, con este gran paseo estase a embelecer grandes áreas do municipio e a posibilitar a unión peonil das localidades.

◆ Nestes días, o Concello de Oleiros está a ultimar os traballos da segunda fase da construción de beirarrúas e carril bici entre Santa Cruz e Mera. A primeira foi financiada exclusivamente con fondos municipais por importe de 790.000 euros, e comprendeu as obras realizadas entre a capela de Santa Ana e o alto de Lourido. A segunda fase, en construción actualmente, e contratada polo Concello con fondos da Deputación por importe de 1.050.000 euros, vai desde Augarrío ata a Casa do Pobo de Dorneda. Así mesmo, e con cargo a esta fase, pintaranse e sinalizaranse a totalidade do carril bici existente desde o paseo da ría da Pasaxe e Santa Cristina ata Mera, un tramo de máis de 12 quilómetros.

Agora quedaría pendente unha terceira fase, que se abordará con cargo ao próximo exercicio municipal, e que afectará ao centro de Arillo, desde a estrada de acceso á urbanización Rialta ata o camiño de Maianca, no alto de Lourido. Tamén está previsto a realización do tramo entre Breixo e Canide, pola marxe dereita baixando, que será demandado á Consellería de Infraestruturas.

## As beirarrúas desde Lorbé ata Sada, pendentes duns poucos veciños



◆ O Goberno municipal leva un ano de conversas cos veciños de Lorbé para conseguir a cesión gratuíta do solo necesario para construír as beirarrúas da rúa do Golfiño, pola marxe dereita, desde a casa do Pobo ata o linde con Sada. Na maioría dos casos xa existe acordo cos propietarios, pero tan só uns poucos seguen sen dar a súa conformidade. Sen ese solo, o Concello non pode demandarlle á Xunta de Galicia, como propietaria da estrada, que constrúa as beirarrúas dado que desde Santiago reclaman as cesións para a contratación da obra.

En caso de aplicar o Plan Xeral, os propietarios estarían obrigados a ceder e urbanizar pola súa conta as fronteiras das súas parcelas, pero coas cesións gratuítas os veciños evitan ese gasto. Neste caso, de non acadar un acordo proximamente, o Concello de Oleiros aplicará a normativa urbanística aos veciños que non accedan a entregar o solo.

## A contratación o carril bici entre Montrove, As Pedreiras e Cristo Rei



◆ Unha vez que o Concello entregou o solo á Xunta para a construción do carril bici e das beirarrúas desde Montrove ata a rotonda das Pedreiras e desde ese punto ata o Colexio Cristo Rei, a Xunta sacou a contratación as obras que incidirán na seguridade peonil e de tránsito de centos de persoas que a diario usan esta estrada para os seus desprazamentos, tanto de ocio como escolares. O custo desta actuación ascende a 794.439,11 euros. O proxecto tamén contempla a creación de pasos de peóns nas proximidades da rotonda.



## A rehabilitación da Finca Tenreiro continuará cun novo obradoiro de emprego ▼



■ A Consellería de Economía, Emprego e Industria concedeu unha subvención de 140.188,65 euros ao Concello de Oleiros para realizar un obradoiro de emprego na Finca Tenreiro. Realizaranse traballos de carpintería e moble no interior do edificio principal deste gran parque público. O Concello cofinanciará este proxecto con outros 25.000 euros.

◆ Vinte persoas en situación de desemprego se beneficiaran deste programa no que se impartirá formación e práctica profesional na especialidade de carpintería. O alumnado percibirá unha remuneración mensual de 707 euros, máis unha paga extra, e o profesorado percibirá uns emolumentos superiores.

Este será o terceiro obradoiro de emprego que pon en marcha o Concello de Oleiros para rehabilitar este gran parque público de máis de 30.000 metros cadrados situado na localidade de Nós. Nesta ocasión restaurarase o tellado, as portas, as fiestras e a varanda do edificio principal.

## O Concello oferta 9 cursos de formación para persoas en situación de desemprego

◆ A Xunta de Galicia concedeulle ao Concello de Oleiros unha subvención de 317.965,50 euros para a realización de cursos de formación para persoas en situación de desemprego. En total ofertaranse 9 programas formativos que comezarán entre os meses de setembro e outubro.

Os cursos que se van impartir son os seguintes: cociña, atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais, instalación de mobles, montaxe e mantemento de instalacións solares térmicas, comunicación en lingua castelá, comunicación en lingua galega, competencia matemática, instalación e mantemento de xardíns e zonas verdes e auxiliar en viveiros, xardíns e centros de xardinería.

As clases vanse impartir nos Centros Municipais de Formación Isaac Díaz Pardo e A Carballeira. Para poder participar nos cursos é necesario estar inscrito como demandante de emprego no servizo público de emprego de Galicia. As persoas interesadas deben contactar co Centro Municipal de Formación Isaac Díaz Pardo: rúa dos Regos 24, 981 610 319 e cmf@oleiros.org.



Lume aos  
PLUMACHOS!

SON UNHA  
PESTE



## O Concello pon en marcha dous obradoiros para apoiar ás familias na educación e crianza dos fillos ▼



◆ O Concello de Oleiros ten programado para despois do verán o desenvolvemento de dous obradoiros: un sobre disciplina positiva e outro sobre comunicación e xestión emocional. O primeiro deles está dirixido a familias con fillos e fillas menores de idade ata 6 anos e o outro para familias con nenos e nenas entre 7 e 14 anos. Para estas dúas actividades, que constan en ambos casos de varias sesións, ofértanse en total 50 prazas.

As persoas interesadas poderán apuntarse a partir do xoves 14 de setembro a través da sede electrónica da web municipal. O día antes, o mércores 13 ás 20:00 horas, realizarase unha conferencia aberta na Fábrica na que se explicará en que consiste a disciplina positiva. En ambos casos, a metodoloxía proposta para estes obradoiros é vivencial, participativa e divertida, con dinámicas nas que aprender é algo divertido e construtivo, e nos que, sesión tras sesión, poidan recoñecerse os avances acadados coa aplicación dos coñecementos adquiridos.

## Os obradoiros do plan de igualdade contan con prazas dispoñibles

◆ Os obradoiros do corpo, de danza espello e o obradoiro “Ponte en escena”, que forman parte do Plan de Igualdade do Concello de Oleiros, retomarán a súa actividade habitual no mes de setembro. Estes talleres teñen como obxectivo o fortalecemento integral das mulleres, tanto desde o punto de vista físico como emocional.

Arestora quedan prazas dispoñibles nestes obradoiros polo que todas aquelas mulleres interesadas en participar poden informarse no departamento de Servizos Sociais de Oleiros ou no teléfono de atención á veciñanza, 981 61 00 00.



## Abre o prazo de inscrición nas actividades para persoas maiores de 60 anos ▼

◆ As actividades de ioga e relaxación, ximnasia e memoria para persoas maiores de 60 anos que organiza o Concello de Oleiros en todas as localidades do municipio retomaranse o 11 de setembro. Calquera veciño ou veciña que queira consultar os horarios e inscribirse pode facelo nas oficinas de Servizos Sociais ou chamando ao teléfono 981 61 00 00.

Igualmente, a partir do 2 de outubro, volverán comezar as actividades de pintura, acuarela, encaixe de bolillos, manualidades, tapices e costura, que se desenvolven en distintas localidades. As persoas interesadas poden inscribirse entre o 11 e o 18 de setembro na web municipal, na carpeta cidadá.



## Convócanse novos cursos para o manexo de ordenadores, móbiles e tabletas ▼



◆ Desde o mes de outubro e ata final de ano realizaranse distintos obradoiros de alfabetización dixital para persoas maiores en tres niveis: iniciación, medio e avanzado. Algún dos cursos será exclusivamente dirixido ao manexo de tabletas electrónicas e teléfonos móbiles, co fin de facilitar o acceso aquelas ferramentas de uso máis cotiá. As persoas interesadas en participar poden informarse sobre os horarios nas oficinas de Servizos Sociais ou no teléfono de atención ao veciño 981 61 00 00.



## Manel Villadóniga consegue dous ouros no campionato do mundo de esgrima



◆ O laureado espadachín oleirense conseguiu en Estrasburgo dúas medallas de ouro no Campionato do Mundo de mestres de esgrima. Villadóniga foi o vencedor nas modalidades de esgrima e sable e na clasificación final combinada ocupou a segunda posición.

## Rubén Río proclámase campión do mundo de balonmán en Alxeria



◆ O xogador de Perillo Rubén Río Iglesias proclamouse campión do mundo de balonmán no Mundial junior celebrado recentemente en Alxeria. Río foi unha peza moi importante do equipo español anotando 8 goles durante o torneo. Formado nas categorías inferiores do Balonmán Oleiros, actualmente milita no Atlético Valladolid da Liga Asobal, a máxima categoría neste deporte.

## Mónica Castelo disputa o Mundial de Rugby en Irlanda



◆ A xogadora internacional de rugby de Nós, Mónica Castelo, disputou o mundial que se celebrou durante o pasado mes de agosto en Irlanda. Desde a súa posición de segunda línea, a vixente campioa de Europa realizou grandes actuacións e foi unha das máis destacadas do equipo español.

## José Manuel Sánchez logra outro campionato de Europa de piragüismo



◆ O padexeiro oleirense José Manuel Sánchez, xunto co seu compañeiro Tono Campos, volveu conseguir o máximo título continental na modalidade de C2, na distancia de maratón, no Campionato de Europa de Piragüismo que se disputou en Portugal no mes de xullo. Este extraordinario deportista suma así un novo éxito ao seu extraordinario palmarés, repleto de triunfos internacionais.

## O Club Acordes suma un novo campionato de España de ximnasia estética

◆ O Club Acordes volveu subir ao máis alto do podio no Campionato de España de ximnasia estética, na categoría sénior. As ximnastas oleirenses volveron amosar o seu bo facer na proba celebrada en Madrid e impuxéronse a todos os demais conxuntos. O equipo infantil tamén completou unha moi boa actuación neste campionato e ocupou unha máis que meritoria cuarta posición.





## Uxía Martínez proclámase campioa de España de Tenis

◆ A nova tenista de Montrove Uxía Martínez non deixa de colleitar triunfos. Xunto coa súa compañeira Jessica Bouzas, fíxose co Campionato de España de dobres na categoría sub-16. Ademais, en individual, proclamouse campioa galega na categoría absoluta. A próxima tempada comezará a disputar torneos da WTA, a elite do tenis mundial.



## Calíope García acada o subcampionato de España de volei ▼



◆ A deportista oleirense quedou por segunda vez ás portas do triunfo no Campionato de España de Volei, e volveu ser subcampioa, nesta ocasión co Club Voleibol Alcobendas no que milita actualmente. Calíope, xogadora internacional en categorías inferiores, está chamada a ser unha das grandes xogadoras do voleibol en España.

## Manu Taibo ocupa a segunda posición no Campionato de España de patinaxe de velocidade ▼



◆ O patinador da SCD Rabadeira foi segundo no Campionato de España de patinaxe de velocidade disputado en Asturias. Manu Taibo, de categoría alevín, fíxose con esa segunda posición na distancia de 3.000 metros.

## O Club de Regatas Perillo consegue unha medalla de prata no campionato de España de remo olímpico ▼



◆ A tripulación formada por Rodrigo Cáceres e Diego Allo conseguiu a medalla de prata no campionato de España de remo olímpico celebrado en Sevilla. Estes dous remeiros cadetes completaron un magnífico campionato, clasificándose para a gran final sen problemas e amosando un gran estado de forma. Igualmente, o remeiro alevín Álvaro Alvedro tamén completou unha fabulosa actuación ocupando a cuarta posición na súa categoría.

## O trofeo de fútbol do Concello de Oleiros vai para Nós ▼



◆ O Atlético San Pedro proclamouse campión do Trofeo de Fútbol Concello de Oleiros no que compiten todos os equipos de fútbol modesto do municipio. A final, na que se estreou o campo de fútbol municipal de Iñas, enfrontou ao Atlético co Marino de Mera e o resultado foi de 4 goles a 2. En total, o Concello de Oleiros reparte en premios 9.000 euros entre todos os clubs participantes.

## O Mariñeiro de Mera arrasa: gaña sete bandeiras e proclámase campión da Liga Galega B ▼



◆ A traíñeira do Centro Deportivo Mariñeiro de Mera completou unha histórica tempada na que conquistou un total de sete bandeiras. Eses inmejorables resultados outorgáronlle o primeiro posto na clasificación final da Liga Galega de Traíñeiras B. Esa primeira posición dálles aos merachos o ascenso directo á Liga A, primeira categoría do remo en Galicia e antesala da Liga ACT.



# En marcha o proceso de contratación do servizo formativo das escolas municipais de Danza, Música e Teatro ▶

◆ O Concello sacou a licitación o prego de condicións para a xestión das escolas municipais de Música, Danza e Teatro, unha vez finalizaron os anteriores contratos. A gran novidade é a inclusión da Escola Municipal de Teatro que entrará en funcionamento neste novo curso académico e que terá a súa sede nos baixos do edificio da Escola Municipal de Danza.

Por diversas cuestións administrativas existe un retraso na adjudicación destes contratos, que non afectará á actividade ordinaria das escolas nin tampouco á calidade da formación que se presta nestes centros. O importe do contrato da Escola de Danza e Teatro ascende a 400.827,74 euros por dous anos e o da Escola de Música a 639.562,33 euros por dous anos.



## A Banda Orquestra Sinfónica de Oleiros actuará en Valencia

◆ A banda orquestra da Escola Municipal de Música desprazarase ata Valencia no mes de outubro para ofrecer un concerto. Co obxectivo de fomentar a formación e a motivación dos músicos, o Concello de Oleiros sufragará os gastos da viaxe. Esta actuación será a segunda da banda fóra de Galicia despois da realizada o pasado ano na Rioxa.

## Máis de 500 nenos e nenas participan no programa municipal de natación ▼

◆ O Concello de Oleiros ten en marcha un programa de natación escolar no que máis de 500 nenos e nenas realizan esta actividade nas piscinas municipais da Fábrica, Perillo, Oleiros e Dorneda. Os cursos consisten nunha sesión semanal durante todo o curso académico, coincidindo co propio calendario escolar. Todas aquelas nais e pais interesados en apuntar aos seus fillos a estas clases deben dirixirse directamente ás piscinas, onde recibirán ampla información sobre os diferentes grupos existentes, os horarios e as inscricións.



## A Escola Municipal de surf contará con 40 prazas para o vindeiro curso

◆ O 4 de outubro comeza un novo curso da Escola Municipal de Surf. Todos aqueles rapaces e rapazas nados entre 1997 e 2005 poderán participar nesta actividade, que terá lugar no centro deportivo municipal da praia de Bastiagueiro. O Concello de Oleiros aportará todo o material preciso para gozar destas clases: traxes de neopreno e táboas. Para obter máis información e apuntarse, as persoas interesadas deberán dirixirse á Fábrica ou ao correo electrónico deportes@oleiros.org.



## O Concello organiza actividades de zumba, tono e cardio para mozos nos ximnacios municipais

◆ Ante as dificultades que teñen os mozos e mozas para practicar exercicio físico regular fóra do eido federativo ou competitivo, o Concello de Oleiros pon en marcha un ano máis o Programa Xuvenil de Actividade Física para a Saúde que está formado polas actividades de zumba, tono e cardio. As instalacións deportivas de Perillo, Oleiros e Dorneda acollerán estas actividades que comezarán a primeira semana de outubro e se prolongarán ata o mes de xuño. O programa está dirixido a rapaces e rapazas nados entre os anos 2000 e 2005.



## O IV Premio Literario *Descubriendo Oleiros* promoverá a lingua e o municipio entre a mocidade ▶

◆ O Servizo de Normalización Lingüística do Concello de Oleiros convoca o IV Premio Literario *Descubriendo Oleiros*, un concurso co que se procura fomentar o uso da lingua galega e dar a coñecer o municipio. Este premio está orientado a todos os rapaces e rapazas de 3º a 6º de primaria e de todos os cursos da ESO.

Os relatos deste certame deben estar ambientados en Oleiros, escritos en lingua galega e terán que presentarse do 1 ao 18 de novembro de 2017. Os espazos do municipio poden aparecer en fotografías, imaxes, debuxos ou simplemente aparecer citados. Os premios que se concederán serán produtos electrónicos que fomenten a creatividade.

As persoas que estean interesadas en participar poderán consultar as bases e informarse na páxina web do Concello de Oleiros.

## O programa *Andares por Galicia* continúa con dúas novas excursións ▼

### CAMIÑO DE SANTIAGO: PALAS DE REI-ARZÚA ▼

O Concello de Oleiros organiza para o sábado **23 de setembro** unha ruta de interpretación ambiental e cultural polo Camiño de Santiago, no tramo que vai desde Palas de Rei ata Arzúa. Ofértanse un total de 40 prazas, tendo preferencia as persoas empadroadas no Concello de Oleiros.

A ruta, con saída de Palas de Rei, pasa por San Xiao do Camiño, O Leboreiro, Ponte Furelos, Melide e as rúas de Arzúa. A distancia total é de 28 quilómetros e está cualificada como de dificultade media-baixa.



### COSTA ÁRTABRA E MUSEO DO HUMOR ▼

Un mes máis tarde, o sábado **21 de outubro**, está programada unha ruta pola Costa Ártabra, desde a lagoa da Frouxeira ata Cabo Prior. As persoas que participen nesta excursión tamén realizarán unha visita guiada ao Museo do Humor de Fene.

O programa comprende un percorrido a pé no que se visitarán lugares como a Ermida de Nosa Señora do Porto, o Monte da Vela, a praia de Campelo, o Castro de Pena Lopesa, a pena Molexa, os cantís da Costa Ártabra, a praia de Ponzos e a mina de ouro e a praia e a ermida de Santa Comba. A distancia a completar é de 18,5 km e a ruta está cualificada como de dificultade media.



Ambas excursións están pensadas para un público familiar, preferentemente maiores de idade. Valorarase a posibilidade de participación de menores de idade, sempre e cando asistan acompañados dunha persoa adulta. O prezo é de 18 euros para empadroados e de 23 euros non empadroados.

Para apuntarse e obter máis información é preciso dirixirse ao Departamento de Cultura do Concello de Oleiros, situado no centro cultural A Fábrica, ben fisicamente ou a través do teléfono 981 636 598 ou do correo electrónico cultura@oleiros.org.

## As tertulias literarias contarán con 60 prazas

◆ O Concello de Oleiros oferta 60 prazas para participar nas tertulias literarias que terán lugar a partir do 9 de outubro na Biblioteca Central Rialada de Perillo e na Biblioteca Rosalía de Castro de Santa Cruz. Todas as persoas maiores de 16 anos poden apuntarse na web municipal, no blog das bibliotecas municipais, nos teléfonos 981 639 511 e 981 626 338 ou persoalmente nas propias bibliotecas.

As 60 prazas distribuiranse en tres grupos de 20 persoas, dous en Rialada e un en Santa Cruz. Nestas actividades realízase o comentario de obras de distintos xéneros literarios, principalmente narrativa contemporánea, pero tamén poesía, teatro e ensaio, nun ambiente de familiaridade, procurando o lado formativo e lúdico da lectura.



## Pura Tejelo presentará os poemas de *A elegancia do século* nas Torres

◆ O vindeiro 19 de outubro, ás 20:00 horas, o auditorio das Torres de Santa Cruz acollerá a presentación da obra de poesía *A elegancia do século*, da escritora Pura Tejelo. Este libro, publicado pola editorial Xerais, foi Premio Johán Carballeira 2016.



# As bibliotecas públicas do municipio acollerán 45 actividades para nenos e nenas nos vindeiros meses

◆ As sete Bibliotecas Municipais de Oleiros acollerán numerosas actividades de promoción da lectura dirixidas a nenas e a nenos. Ata decembro, levaranse a cabo 45 sesións de diferentes actividades infantís para fomentar a lectura e animar a que as nenas e os nenos visiten as bibliotecas no seu tempo libre. Debido a que o aforo é limitado, é imprescindible reservar praza na biblioteca na que se realiza a actividade.

## • BIBLIOTECA CENTRAL RIALEDA. PERILLO

### OUTUBRO

- ▶ **Día 5** (18:30 horas): *Camiñando entre estrelas* con **Teatro Ghazafellos**, para nenos e nenas de 7 a 12 anos.
- ▶ **Día 19** (18:30 horas): *Os contos do chupete* con **Migallas**, para nenos e nenas de 1 a 3 anos.
- ▶ **Día 26** (18:30 horas): *obradoiro de autoedición* con **Gargallando**, para nenos e nenas de 7 a 12 anos.

### NOVEMBRO

- ▶ **Día 2** (18:30 horas): *Se eu digo vai... contos da Tía María* con **Paula Carballeira**, para nenos e nenas maiores de 4 anos.
- ▶ **Día 9** (18:30 horas): *Olo, piollo!* con **Chus Álvarez**, para nenos e nenas de 1 a 3 anos.
- ▶ **Día 16** (17:30 horas): *obradoiro de cómic* con **Manel Cráneo**, para nenos e nenas de 7 a 12 anos.
- ▶ **Día 23** (18:30 horas): *Iguais!* con **Ramiro Neira**, para nenos e nenas maiores de 4 anos.
- ▶ **Día 30** (18:30 horas): *O pato Simón* con **Charo Pita**, para nenos e nenas de 1 a 3 anos.

## • BIBLIOTECA ROSALÍA DE CASTRO. SANTA CRUZ

### OUTUBRO

- ▶ **Día 4** (18:30 horas): *O xigante* con **Elefante Elegante**, para nenos e nenas maiores de 4 anos.
- ▶ **Día 11** (18:30 horas): *Canto conto!* con **Ramiro Neira**, para nenos e nenas de 1 a 3 anos.
- ▶ **Día 18** (18:30 horas): *As aventuras de mamá cabra: contos que saen dos libros* con **Mamá cabra**, para nenos e nenas maiores de 4 anos.
- ▶ **Día 25** (18:30 horas): *Mans* con **Pablísimo**, para nenos e nenas maiores de 4 anos.

### NOVEMBRO

- ▶ **Día 8** (17:30 horas): *obradoiro de scrapbooking* con **Sonia Ojea**, para nenos e nenas de 7 a 12 anos.
- ▶ **Día 15** (18:30 horas): *Anxeliños negros: contos que falan da igualdade* con **Gemola**, para nenos e nenas maiores de 4 anos.
- ▶ **Día 22** (18:30 horas): *PequeNiños* con **Chus Álvarez**, para nenos e nenas de 1 a 3 anos.
- ▶ **Día 29** (17:30 horas): *obradoiro de teatriños de papel* con **Juan Juste**, para nenos e nenas de 7 a 12 anos.

## • BIBLIOTECA M<sup>a</sup> JOSÉ TRINCADO. MERA

### SETEMBRO

- ▶ **Día 29** (18:30 horas): *Contos que deixan pegada* con **Pavís Pavós**, para nenos e nenas maiores de 4 anos.

### OUTUBRO

- ▶ **Día 6** (18:30 horas): *A galiña dos ovos de conto* con **Pedras: artesanía e patrimonio**, para nenos e nenas maiores de 4 anos.
- ▶ **Día 20** (18:30 horas): *O curral de cocoricoricó* con **Charo Pita**, para nenos e nenas de 1 a 3 anos.
- ▶ **Día 27** (18:30 horas): *O xigante* con **Elefante Elegante**, para nenos e nenas maiores de 4 anos.

### NOVEMBRO

- ▶ **Día 10** (17:30 horas): *obradoiro de maxia* con **Chrystyan Magic**, para nenos e nenas de 7 a 12 anos.
- ▶ **Día 24** (18:30 horas): *Pim, pam, pum* con **Gemola**, para nenos e nenas de 1 a 3 anos.

## • BIBLIOTECA M<sup>a</sup> JOSÉ RUSO. DORNEDA

### OUTUBRO

- ▶ **Día 2** (18:30 horas): *Brinca vai! De aquí a acolá* con **Paco Nogueiras**, para nenos e nenas maiores de 4 anos.
- ▶ **Día 16** (18:30 horas): *Coas mans na masa* con **OQO**, para nenos e nenas maiores de 6 anos.
- ▶ **Día 30** (18:30 horas): *As parábolas de Pakolas* con **Pakolas**, para nenos e nenas maiores de 4 anos.

### NOVEMBRO

- ▶ **Día 13** (18:30 horas): *Mil contos na maleta* con **Charo Pita**, para nenos e nenas de 1 a 3 anos.
- ▶ **Día 27** (17:30 horas): *obradoiro de scrapbooking* con **Sonia Ojea**, para nenos e nenas de 7 a 12 anos.

### DECEMBRO

- ▶ **Día 4** (18:30 horas): *Contos no berce* con **Ramiro Neira**, para nenos e nenas de 1 a 3 anos.

## • BIBLIOTECA ÁNXL FOLE

### OUTUBRO

- ▶ **Día 6** (18:30 horas): *O curral de cocoricoricó* con **Charo Pita**, para nenos e nenas de 1 a 3 anos.
- ▶ **Día 27** (18:30 horas): *Merenda con pan de millo* con **Migallas**, para nenos e nenas maiores de 4 anos.
- ▶ **Día 20** (18:30 horas): *biotecnólogos na biblioteca* con **Efervescencia**, para nenos e nenas de 7 a 12 anos.

### NOVEMBRO

- ▶ **Día 3** (18:30 horas): *Contos encantados* con **Gemola**, para nenos e nenas de 1 a 3 anos.
- ▶ **Día 17** (18:30 horas): *Zoo: contos de animais* con **Chus Álvarez**, para nenos e nenas maiores de 4 anos.

### DECEMBRO

- ▶ **Día 3** (18:30 horas): *Bicos* con **Soledad Felloza**, para nenos e nenas de 1 a 3 anos.

## • BIBLIOTECA MANUEL MARÍA. OLEIROS

### OUTUBRO

- ▶ **Día 3** (18:30 horas): *Contos que deixan pegada* con **Pavís Pavós**, para nenos e nenas maiores de 3 anos.
- ▶ **Día 10** (18:30 horas): *Contiario* con **Pablísimo**, para nenos e nenas maiores de 3 anos.
- ▶ **Día 17** (18:30 horas): *Contacontos de libros contentos* con **Carmen Domech**, para nenos e nenas maiores de 3 anos.
- ▶ **Día 24** (18:30 horas): *Contos de marmeleiro, anís e limón* con **Marisa Irimia**, para nenos e nenas maiores de 3 anos.

### NOVEMBRO

- ▶ **Día 14** (18:30 horas): *O que a curuxa conta* con **Paula Carballeira**, para nenos e nenas maiores de 3 anos.
- ▶ **Día 28** (18:30 horas): *Conto para escoitar mentres bailamos un valse* con **Caxoto**, para nenos e nenas maiores de 3 anos.

## • BIBLIOTECA XOGRAR MENDIÑO. LORBÉ

### OUTUBRO

- ▶ **Día 5** (18:30 horas): *obradoiro de submarinos*, para nenos e nenas maiores de 6 anos.
- ▶ **Día 19** (18:30 horas): *O mago Albert ten moito conto* con **Mago Albert**, para nenos e nenas maiores de 4 anos.
- ▶ **Día 26** (18:30 horas): *Biblioteca máxica: especial Gloria Fuertes* con **Pallaso Piruleta & CIA**, para nenos e nenas maiores de 3 anos.

### NOVEMBRO

- ▶ **Día 9** (18:30 horas): *Contoloxía* con **Ramiro Neira**, para nenos e nenas maiores de 3 anos.
- ▶ **Día 23** (18:30 horas): *Dous contos para unha noite de inverno* con **Paula Carballeira**, para nenos e nenas maiores de 3 anos.





# O outono chegará repleto de cine e teatro

■ O Concello de Oleiros oferta durante os vindeiros meses unha ampla variedade de espectáculos teatrais de primeiro nivel artístico dirixidos a todos os públicos. Igualmente levaranse a cabo as proxeccións de dúas películas, coas que se pechará o ciclo cinematográfico un Oleiros de cine que comezou no inverno.

## Outubro

● **Domingo 1**, ás 19.30 horas

**Auditorio da Fábrica de Perillo**

**8 Apellidos catalanes** é unha exitosa comedia que mestura os tópicos de cataláns e andaluces cunha historia de amor de transfondo.




■ *Entrada libre con invitación, que poderá recollese desde as 18:30 horas.*

● **Domingo 15**, ás 19.30 horas

**Auditorio da Fábrica de Perillo**

**Mimosas**, obra mestra do cineasta galego Oliver Laxe, é un drama sobre dúas historias distintas vinculadas pola súa localización en Marrocos.



■ *Entrada libre con invitación, que poderá recollese desde as 18:30 horas.*

● **Sábado 28**, ás 20:30 horas

**Auditorio Gabriel García Márquez de Mera**

**Malasombra Produccións** presenta a obra de teatro **D.E.P.**, unha trepidante comedia repleta de humor, egoísmo, mentira e engano entre irmáns.



■ *As entradas poñeranse á venda ás 19:30 horas.*

## Novembro

● **Sábado 4**, ás 20:30 horas

**Auditorio da Fábrica de Perillo**

**A Orquestra do Mar**, unha adaptación da obra *Orchestra de Señoritas*, recrea as veladas dun trasatlántico que percorre a ruta Coruña-Nova York no 1958.



■ *As entradas poñeranse á venda ás 19:30 horas.*

● **Sábado 11**, ás 20:30 horas

**Auditorio Gabriel García Márquez de Mera**

**Tropical** é un espectáculo teatral sensitivo, universal e evocador que mergulla no universo da viaxe e na súa vasta riqueza de matices e dimensións.



■ *As entradas poñeranse á venda ás 19:30 horas.*

● **Sábado 18**, ás 20:30 horas

**Auditorio Gabriel García Márquez de Mera**

**Talia Teatro** presenta o seu espectáculo **Ubú Rei**, unha historia de ambición, poder e corrupción arredor do rei de Polonia e da súa familia.



■ *As entradas poñeranse á venda ás 19:30 horas.*

● **Sábado 25**, ás 20:30 horas

**Auditorio Gabriel García Márquez de Mera**

**Castro**, da compañía **Os Naufragos**, conta a historia dun escritor galego emigrado a Madrid que volve a Galicia trala morte do seu pai.



■ *As entradas poñeranse á venda ás 19:30 horas.*


## A Fábrica énchese de música en outubro

◆ O auditorio da Fábrica acollerá cinco magníficos concertos durante o mes de outubro. Os tres primeiros terán lugar os días 5, 6 e 7 ás 20:30 horas. O xoves 5 actuará o grupo colombiano de pulso e púa Agrupación Nuestra Herencia de Bogotá. O día seguinte serán os italianos Il Quarteto Improvviso de Savona os que ofrecerán un recital coas súas mandolinas e guitarras. O sábado Sandra Calderón e Flamenco Band darán un concerto de música flamenco fusionada con tangos e bulerías.

Victoria Acón e José Manuel Yáñez amosarán os seus *Cantos de amor* o sábado día 14 ás 20:30 horas e, unha semana despois; o 21 de outubro ás 20:30 horas, a Orquestra de Cámara Galega actuará no mesmo escenario para presentar en Oleiros *Alma Delas: concerto con voz de muller*.



## Subscríbete ao servizo de novas do Concello de Oleiros



Recibirás diariamente, de xeito automático e gratuíto, toda a información municipal no teu correo electrónico.

Desde a páxina principal da web municipal, [www.oleiros.org](http://www.oleiros.org), poderás acceder ao formulario de subscripción para darte de alta neste servizo.



## TRIBUNA ABERTA

■ *Este é un espazo de participación cidadá onde se pode opinar sobre o tema que se desexe. Os textos son reproducidos de forma íntegra. Recorda que a extensión máxima debe ser de 1.000 caracteres. Se queres participar nesta sección do próximo Vivir escríbenos ao enderezo electrónico comunicación@oleiros.org*

### ***Ti minte que algo queda***

Quedo perplexo cada vez que leo ou escoito falar sobre Oleiros (ou máis ben, sobre a maneira de gobernar Oleiros), especialmente en certos medios de comunicación tradicionais que seguramente están ao servizo dos poderes fácticos e non queren morder a man que lles da de comer. Resulta que o Concello case sempre sae mal parado a base de críticas sen sentido nin fundamento, que proveñen habitualmente de persoas ou institucións que non residen nin teñen ningún tipo de vinculación co municipio. Estas críticas quedan sempre no “detalle” absurdo (que si a estatua do Che Guevara, que si os espectáculos retranqueiros auspiciados polo Goberno Local co fin de visibilizar inxustizas, etc) e obvian as razóns polas que cada vez máis xente se decide por vivir aquí.

Parece que queren vender a imaxe de Oleiros como a dunha república bananera onde o seu alcalde compórtase coma un sheriff comeneno que fai e desfai á súa vontade, cando en realidade se trata dun modelo de xestión política exemplar, baseado nas necesidades e demandas reais do pobo, e refrendado unha e outra vez pola veciñanza.

Parece que aos saqueadores do diñeiro público, institucionalizados e amparados baixo as siglas de partidos políticos tradicionais, fastidialles que a xente en Oleiros siga a confiar, ano tras ano, elección tras elección, nunha agrupación de veciños de carácter independente e que mira polo ben común antes que argallar nas sombras para repartirse aleivosamente o negocio entre os seus amiguetes.

Iago Rey

### ***Terrorismo urbano***

Falar hoxe de terrorismo case é unha conversa de cotío. Aínda estamos lamentando o acontecido na cidade de Barcelona que tristemente acabou con perda de vidas inocentes e feridos de consideración incerta. As secuelas psíquicas non se sabe ata cando perderán pola incertidume do seu alcance. Estas actuacións criminais organizadas que, reiteradamente e de xeito indiscriminado, pretende crear alarma

social con fins políticos e un dos males máis noxentos que está a padecer a humanidade hoxe en día.

Sen entrar a valorar a orixe do problema e a erradicación do mesmo, venme á mente, e salvando as distancias, outro tipo de accións destrutivas e violentas realizadas por colectivos minoritarios no marco de manifestacións sociais que están a padecer os Concellos: o terrorismo urbano.

Pintadas a discreción, marquesiñas esbandalladas, depósito das bolsas de lixo fora de día ou hora, ateigar os contedores de residuos orgánicos con ramas de poda ou restos de obra cando a obriga e achegalos o Punto Limpo, encauzar as augas pluviais ao sumidoiro das fecais, vertidos incontrolados aos ríos e o mar de materiais contaminantes, queimas sen control que rematan en incendios forestais, etc... son o resumo do que está a chamarse ‘actos vandálicos’.

A derradeira nova do asalto as instalacións deportivas, en concreto o campo municipal de fútbol de Montrove, con importantes danos, evidencian o que estamos a escribir. Que é o que move a esta caterva de energúmenos a semellantes trasnadas? Os medios de comunicación vinculan a certos colectivos antisistema, antiglobalización, hinchas radicais dos equipos de fútbol, grupos neonazis, etc... estes feitos. So un sector de violentos se camuflan e levan a termo accións contrarias á propiedade privada, mobiliario urbano e forzas policiais. En certo modo, terrorismo local.

Unha vergoña.

J.L.P.R. Montrove-Liáns

### ***O medo aos cans***

Por moito que me bombardeen a cabeza desde os medios de comunicación, os atentados terroristas non me dan medo. Considero que existen moi poucas posibilidades de que poida ser vítima dun deles. Aínda que non fixen o cálculo, estou segura de que existen máis probabilidades de que me toque o Euromillón, e non vivo pensando que vaia ser rica en calquera momento.

Pero aínda que non temo nin ao Estado Islámico, nin a Al Qaeda, nin a ningún perturbado, si que paso medo a diario

nas rúas, nas prazas, nos parques, nas praias, ... por culpa dos cans. Máis que por culpa dos cans, por culpa dos seus donos. “Tranquila que no hace nada”, sempre din. Esas persoas non chegan a entender que os seus animalíños soltos poidan provocar medo e temor entre moitos cidadáns e cidadás coma min. Entendo, aínda que non comparta, que existan persoas que lle poidan ter cariño a un animal. Pero ata aí. O que non podo respectar nin permitir é que por ter contento a un animalíño eu teña que andar acongoxada polas rúas. Os dereitos dos cidadáns deberían prevalecer sobre os dereitos dos animais, aínda que nesta sociedade xa non me sorprendería o contrario.

Valeria Valdés González - Nós

### ***A perversión dos móbiles***

Os teléfonos poden ser ferramentas moi útiles. Dispoñen de usos moi interesantes e teñen unha poderosa capacidade comunicativa. Mesmo poden chegar a salvar vidas humanas. Por desgraza, o uso que fan tanto os cidadáns, por un lado, como os amos do mundo, polo outro, leva a pensar que estes aparatos están a crear máis problemas que beneficios na nosa sociedade.

A través dos móbiles e dos ordenadores, estamos totalmente controlados polas grandes compañías e polos servizos de intelixencia dos diferentes Estados. Coñecen o que comemos, o deporte que practicamos, á hora á que entramos a traballar, a roupa que nos gusta, o noso pensamento político, cales son os nosos amigos, onde durmimos, que películas vemos, ... sábeno todo sobre nós. Despois, esa información é vendida ao mellor postor, para dirixirnos cara onde lles interesa ás grandes compañías multinacionais. Pero o máis noxento e vomitivo de todo é ver como algunhas persoas, cidadáns correntes pero de perfil psicópata, captan vídeos e distribúen imaxes que atentan contra a dignidade das persoas. Casos como os de Barcelona, nos que hai quen prefire gravar aos mortos e aos feridos antes que axudalos e asistilos debería facernos reflexionar de cara onde imos.

A.C.T. - Mera



**Teléfono do Veciño**

Toda a información de 8 da mañá a 8 da tarde ininterrompidamente

**981 610 000**

**Concello de Oleiros 981 610 000**

Policía Local (24 horas)	981 610 001
Garda Civil de Oleiros	981 610 067
Garda Civil urxencias	062
Xulgado	981 610 824
Servizo de augas	981 610 602
Recadación municipal	981 635 603
Ofic. Consumidor (Omic)	981 610 000 ext.1274
C. Recuper. fauna salvaxe	881 960 405
Urxencias médicas (24 horas)	061
Centro Urxencias Sta. Cruz	981 614 901
Centro Saúde Perillo	981 638 731
Centro Saúde Sta. Cruz	981 626 768
Centro Saúde de Oleiros	981 082 188
Casa do Mar de Mera	981 628 544
Protección Civil	981 636 933
Oficina Turismo	981 904 052

**Centros municipais de actividades**

Centro Cultural A Fábrica	981 636 598
Centro Cívico de Sta. Cruz	981 626 497
Casa do Pobo de Iñás	981 631 240
Casa do Pobo de Nós	981 664 257
Casa do Pobo de Lorbé	981 618 201
Centro Cultural de Montrove	981 639 422
Casa da Cultura de Perillo	981 636 555
Centro de Información Xuvenil	981 636 598
Museo Oleiros J.M.Kaydeda	981 626 692
Castelo de Sta. Cruz	981 630 618
Aula do Mar / Faros de Mera	981 618 154
Escola Municipal de Danza	981 639 688
Escola Municipal de Música	981 639 143
Centro de Lecer Portaberta	981 614 083
Complexo deportivo de Oleiros	981 611 338
Complexo deportivo de Perillo	981 634 030
Complexo deportivo de Dorneda	981 614 430
Piscina Municipal da Fábrica	981 639 506

**Centros educativos**

CMF Isaac Díaz Pardo	981 631 706
EI A Pardela / Os Regos	981 631 788
EI As Galeras / Bastiagueiro	981 648 446
EIM A Canteira / Perillo	981 977 921
IES Neira Vilas / Perillo	881 880 858
IES Miraflores / Oleiros	881 880 845
IES Mª Casares / Bastiagueiro	981 626 344
CEIP Luís Seoane / Mera	981 617 130
CEIP Parga Pondal / Sta. Cruz	981 614 976
CEIP Valle Inclán / Perillo	881 960 324
CEIP A Rabadeira / Oleiros	881 960 270
CEIP Juana de Vega / Nós	881 960 947

**Bibliotecas**

Central Rialeda / Perillo	981 639 511
Rosalía de Castro / Sta. Cruz	981 626 338
María José Trincado / Mera	981 628 507
Mª José Ruso / Dorneda	981 626 638
Manuel María / Oleiros	981 610 700
Ánxel Fole / Nós	981 664 257
Xograr Mendiño / Dexo-Lorbé	981 618 201

**Querida lúa**

**O ciclo da lúa**

<b>Chea</b>	6 setembro / 5 outubro / 4 novembro
<b>Mingua</b>	13 setembro / 12 outubro / 10 novembro
<b>Nova</b>	20 setembro / 19 outubro / 18 novembro
<b>Medra</b>	28 setembro / 28 outubro / 26 novembro

**Transportes**

En Oleiros TAXI a domicilio no 981 243 333

**Horarios Cal Pita**

- Aeroporto de Alvedro 981 187 200
- Estación autobuses A Coruña 981 184 335
- Estación FFCC San Cristovo 902 432 343

1 > A Coruña > Fonteculler > Fonteculler > San Pedro <	Laborables Ida 6:45 ■ 6:55 ■ 7:10 ■ 7:25 ■ 7:35 ■ 7:45 a 21 cada 15' ■ 21:30 a 22:30 cada 30' Volta 7 a 21 cada 15' ■ 21:30 a 22:30 cada 30' Sábados Ida 7:10 ■ 7:40 ■ 8 a 22:30 cada 30'. Volta 7:30 a 22:30 cada 30' Domingos e festivos Ida 7:10 ■ 7:40 ■ 8 a 22:30 cada 30'. Volta 7:30 a 22:30 cada 30'
2 > A Coruña > Perillo > Montrove > Os Regos > Oleiros <	Laborables Ida 7:05 a 22:05 cada hora. Volta 7:35 a 22:35 cada hora Sábados Ida 8:05 a 20:05 cada hora. Volta 8:35 a 20:35 cada hora Domingos e festivos Ida 10:05 a 20:05 cada hora. Volta 10:35 a 20:35 cada hora
2a > A Coruña > Perillo > Montrove > Os Regos > Oleiros > Soñeiro <	Laborables Ida 7:05. Volta 7:30 Sábados Ida 8:05 ■ 14:05. Volta 8:30 ■ 14:30 Domingos e festivos Ida 10:05 ■ 14:05. Volta 10:30 ■ 14:30
2a > A Coruña > Perillo > Montrove > Os Regos > Oleiros > Pousada <	Laborables Ida 16:05. Volta 16:35 Sábados Ida 16:05 ■ 19:05. Volta 16:35 ■ 19:35 Domingos e festivos Ida 16:05 ■ 19:05. Volta 16:35 ■ 19:35
3 > A Coruña > Perillo > Nós > O Carballo > Oleiros > Sada <	Laborables Ida 6:55 a 20:55 cada hora ■ último ás 22. Volta 6,55 a 21:55 cada hora Sábados Ida 6:55 a 20:55 cada 2 horas. Volta 7:55 a 21:55 cada 2 horas Domingos e festivos Ida 8:55 ■ 10:55 ■ 13:55 ■ 14:55 a 20:55 cada 2 horas. Volta 9:55 a 21:55 cada hora
4 > A Coruña > Perillo > Sta. Cruz > Arillo > Sada <	Laborables Ida 6:25 a 21:25 cada hora. Volta 6:25 a 21:25 cada hora Sábados Ida 6:25 ■ 8:25 a 20:55 cada hora ■ Último ás 22. Volta 7:25 a 21:25 cada hora Domingos e festivos Ida 8:25 a 20:25 cada hora. ■ Último ás 22. Volta 8:25 a 21:25 cada hora
6 > A Coruña > Perillo > Sta. Cruz > Arillo > Rialta <	Laborables Ida 6:50 ■ 7:10 ■ 13:05 ■ 7:40 a 20:40 cada hora. ■ De 8 a 12 cada hora ■ De 14 a 20 cada hora ■ Último ás 22. Volta 7:10 a 21:10 cada hora ■ De 7:30 a 19:30 cada hora ■ 20:50 ■ 22:30 Sábados Ida 8:50 ■ 9:40 a 20:40 cada hora. Volta 9:10 a 21:10 cada hora Domingos e festivos Ida 9:40 a 20:40 cada hora. Volta 10:10 a 21:10 cada hora
6a > A Coruña > Perillo > Sta. Cruz > Arillo > Rialta > Dorneda > Pousada > Oleiros > Soñeiro <	Laborables Ida a Oleiros 8 ■ a Soñeiro 20 Volta a Oleiros 8:40 ■ a Soñeiro 20:40
6b > A Coruña > Perillo > Sta. Cruz > Franzomel > Dorneda > Pousada > Oleiros > Soñeiro <	Laborables Ida a Soñeiro 13:10. Volta de Soñeiro 13:50 Sábados Ida a Oleiros 11 ■ 21:10. Volta de Oleiros 11:30 ■ 21:45 Domingos e festivos Ida a Oleiros 10:20 e 13:10. Volta de Oleiros 10:45 ■ 13:35
VERÁN > A Coruña > Perillo > Sta. Cruz <	Sábados, domingos e festivos Ida 10 a 21 cada hora Volta 10:30 a 21:30 cada hora
VERÁN > A Coruña > Perillo > Sta. Cristina <	Luns a domingos Ida 10:20 a 20:20 cada hora Volta 10:50 a 20:50 cada hora



**35.950 habitantes empadroados/as!**

**Ata o 28 de agosto, o padrón do Concello distribuído por parroquias é:**

DEXO (Santa María)	1.365
DORNEDA (San Martiño)	3.461
IÑÁS (San Xurxo)	1.226
LIÁNS (Santa Eulalia)	10.470
MAIANCA (San Cosme)	1.452
NÓS (San Pedro)	4.753
OLEIROS (Santa María)	3.027
PERILLO (Santa Leocadia)	8.609
SERANTES (San Xulián)	1.587
<b>TOTAL</b>	<b>35.950</b>

**FARMACIAS DE GARDA**

**Datas**

<ul style="list-style-type: none"> <li>LAURA PEÑALVER GARCÍA Avda. As Mariñas, nº 54 (Parque comercial de Iñás)</li> </ul>	Do 1 ao 7 de setembro Do 17 ao 23 de novembro
<ul style="list-style-type: none"> <li>SANTIAGO MAIZ CAL Rúa Camilo Díaz Baliño, nº 1- A (Oleiros) • Teléfono: 981 610 027</li> </ul>	Do 8 ao 14 de setembro Do 24 ao 30 de novembro
<ul style="list-style-type: none"> <li>MARTA VIGUERA MOSQUERA Mera-Rúa Miramar, nº 4 (Serantes) • Teléfono: 981 617 937</li> </ul>	Do 15 ao 21 de setembro Do 1 ao 7 de decembro
<ul style="list-style-type: none"> <li>JOSE CARLOS PIN PEREIRAS Avda. Rosalía Castro, nº 247 (Perillo)</li> </ul>	Do 22 ao 28 de setembro Do 8 ao 14 de decembro
<ul style="list-style-type: none"> <li>Mª ROSA CATRUFO FERREÑO Avda. das Mariñas, nº 247 (Nós) • Teléfono: 981 663 890</li> </ul>	Do 29 de setembro ao 5 de outubro Do 15 ao 21 de decembro
<ul style="list-style-type: none"> <li>FERNANDO JOSÉ RODRÍGUEZ GARFIA Santa Cruz-Rúa Francisco Comesaña, nº 4-6 (Liáns) • Teléfono: 981 614 503</li> </ul>	Do 6 ao 12 de outubro Do 22 ao 28 de decembro
<ul style="list-style-type: none"> <li>Mª TERESA LEMA ESPASANDÍN Arillo-Avda. República Argentina, nº 95 (Dorneda) • Teléfono: 981 648 440</li> </ul>	Do 13 ao 19 de outubro Do 29 ao 31 de decembro
<ul style="list-style-type: none"> <li>MARTA DE SAN IGNACIO GIL DE LA PEÑA Urbanización Os Regos-Isaac Díaz Pardo, nº 4 (Liáns) • Teléfono: 981 614 184</li> </ul>	Do 20 ao 26 de outubro
<ul style="list-style-type: none"> <li>PABLO DURÁN LOSADA Rúa Viñas de Babilonia, nº 10 (Liáns) • Teléfono: 981 923 845</li> </ul>	Do 27 de outubro ao 2 de novembro
<ul style="list-style-type: none"> <li>PEDRO JOSÉ IGLESIAS PASTORIZA Avda. Ernesto Ché Guevara, nº 16 (Perillo) • Teléfono: 881 963 932</li> </ul>	Do 3 ao 9 de novembro
<ul style="list-style-type: none"> <li>JAVIER SUÁREZ NEIRA Rúa Golfiño, nº 121 (Dexo) • Teléfono: 981 628 165</li> </ul>	Do 10 ao 16 de novembro



## O Faro de Mera desprázase a Oleiros



◆ Para homenaxear ao Faro de Mera polo seu centenario, o Concello de Oleiros decidiu plasmar este símbolo do noso municipio nunha das paredes da nova sede de Facenda Municipal. O Faro, ao longo dos seus cen anos de vida, serviu de guía e contribuíu á seguridade de buques e mariñeiros.

Os dous faros existentes en Mera, xunto coa casa do fareiro, tiveron unha importancia moi grande na vida de todos os veciños

e veciñas de Mera. Ademais da función de auxilio marítimo, que facilitaba a navegación dos numerosos merachos que traballaban no mar, a casa do fareiro serviu tamén de centro de ensino para moitos nenos e nenas. Nunha época na que a única escola que había na localidade inculcaba as doutrinas do réxime franquista, os fareiros converteron a súa casa nun centro de ensino adiantado á súa época no que se impartía unha educación en valores.